

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 07/06/2019 13:26:47

SAIDA 7305/19

[REDACTED]
[REDACTED]
[REDACTED]
[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 056/2019**

Correo electrónico [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 5 de abril de 2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 05/04/2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo, da súa solicitude de acceso á información ante Augas de Galicia, de copia das actuacións realizadas pola entidade ante a denuncia presentada con data do 25 de febreiro de 2015 polo interesado ao servizo Territorial de Galicia-Centro, sobre as actuacións realizadas no lugar de Calvoso-Chavin (Viveiro-Lugo) por la mercanti [REDACTED] en zona de dominio público hidráulico (zona de policía e zona de servidume), consistentes en desvío de canle de auga, en forma de escollera e con carácter definitivo, cando a solicitude inicial era un desvío provisional, construción de edificacións e instalación de carpas sen respectar as distancias de dominio público hidráulico.

O escrito viña acompañado da súa solicitude e copia do DNI.

Segundo. Con data do 8 de abril de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral de Augas de Galicia para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 16 de abril de 2019, sen que se remitirse a copia do expediente e o informe solicitado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A entidade Augas de Galicia non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente polo que polo que debemos considerar a reclamación presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O Sr. ██████ solicitou do Organismo Augas de Galicia o acceso a unha documentación que debemos considerar como información pública, xa que se trata de acceso a copia das actuacións realizadas pola entidade ante a denuncia presentada con data do 25 de febreiro de 2015 polo interesado ao servizo Territorial de Galicia Centro, sobre as actuacións realizadas no lugar de Calvoso Chavin (Viveiro Lugo) por la mercantil ██████ en zona de dominio público hidráulico (zona de policía e zona de servidume), consistentes en desvío de canle de auga, en forma de escollera e con carácter definitivo, cando a solicitude inicial era un desvío provisional, construción de edificacións e instalación de carpas sen respectar as distancias de dominio público hidráulico, e á que, de conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 1/2016, o interesado ten dereito de acceso.

A Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia non resolveu a solicitude de acceso á información do Sr. ██████, polo que debe lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaçión de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

Así mesmo, Augas de Galicia non remitiu o informe e o expediente solicitado por esta Comisión, polo que lémbra-selle, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, a súa obriga de facilitar á Comisión a información que se lle solicite para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA


Primeiro: Estimar a reclamación presentada por D. ██████ con data 5 de abril de 2019, contra a desestimación por silencio administrativo, da súa solicitude de acceso á información ante a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia de copia das actuacións realizadas pola entidade ante a denuncia presentada con data do 25 de febreiro de 2015 polo interesado ao servizo Territorial de Galicia-Centro, sobre as actuacións realizadas no lugar de Calvoso-Chavin (Viveiro-Lugo) por la mercantil ██████ en zona de dominio público hidráulico (zona de policía e zona de servidume), consistentes en desvío de canle de auga, en forma de escollera e con carácter definitivo, cando a solicitude inicial era un desvío provisional, construción de edificacións e instalación de carpas sen respectar as distancias de dominio público hidráulico

Segundo: Instar á Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar á Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019



Milagros Otero Parga
Presidenta da Comisión da Transparencia